

Orde do Día Proposta da sesión /XGL/3/2019

Sres./as Concelleiros/as da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela:

Dna. María Rozas Pérez
D. Jorge Carlos Duarte Vázquez
Dna. Branca Petra Novo Rey
Dna. Concepción Fernández Fernández
D. Xan Xesús Duro Fernández
D. Manuel Dios Diz
Dna. Marta Irene Lois González
D. Rafael Peña Vidal

Ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, convoco aos/ás Sres./as Concelleiros/as arriba relacionados/as para a sesión **ordinaria** da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela que terá lugar o día **18 de xaneiro de 2019**, ás **09:30 horas**, e de non poder celebrarse, farase en segunda convocatoria o mesmo día unha hora máis tarde.

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación de actas de sesións anteriores.
- 2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para executar as obras de rehabilitación de edificación para 4 apartamentos turísticos na rúa da Raiña, 9. LIC/1823/2015.
- 3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza de obras para instalación dunha estación de subministro de gas natural na Vía La Cierva, 34 (Mercagalicia). LAP/173/2017.
- 4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para executar obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar situada na rúa dos Chouchiños, 33. LIC/1924/2017.
- 5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á aprobación provisional da modificación puntual do Plan especial de protección e

rehabilitación da cidade histórica (PE-1), para a ampliación de usos no EM-9 (Seminario Menor - Belvís).

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á resolución da relación contractual coa empresa REPSOL PRODUCTOS PETROLIFEROS SA para construción e xestión da área de servizo da Rocha; esixencia de responsabilidades e prazo para alegacións.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á ampliación da zona de residentes 8. Pelamios-Vista Alegre.

8.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á concesión de novas estadias técnicas e residencias de creación artística para proxectos de artes escénicas para o curso 2018-2019 do concello de Santiago.

9.- Dar conta pola alcaldía da sinatura do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e a fundación Refuxio de Animais para obras de mantemento e mellora das súas instalacións.

10.- Dar conta pola concelleira delegada de Igualdade da transferencia da secretaría de Estado de igualdade para o desenvolvemento de novas ou ampliadas competencias reservadas ás entidades locais no pacto de Estado contra a violencia de xénero, para o exercicio 2018, a executar en 2019.

11.- Dar conta das Resolucións das Concellerías Delegadas.

12.- Rogos e Preguntas.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2019

O Alcalde

Asdo: Martiño Noriega Sánchez